

1

## SOBRE A ACONDROPLASIA

A acondroplasia é un trastorno **XENÉTICO** que afecta o crecemento dalgúns ósos do noso corpo.

Os **OSOS** máis longos do esqueleto non medran todo o que deben, así que as persoas con esta discapacidade **son máis baixiñas.**

Os nenos con acondroplasia só precisan algún coidado específico e unha alimentación especial, pero a súa vida é igual á túa.

**Está chea de ILUSIÓNS e ESPERANZAS.**

Neste conto coñecerás a Pablo, un neno intelixente e divertido que te asombrará polas súas **moitas capacidades.**

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

## QUERO SER POLICÍAAAAAA!

E dígoo así de alto, para que o saiba

**todo o mundo...**

E quero selo, non só porque me gustan  
as películas de "polis" contra cacos,  
coas persecucións e os coches...,

senón tamén porque


os detectives adoitan ser tan

**INTELIXENTES**

e

**GUAPOS**

como a min.



3



Que son guapo o díó moito o meu pai  
e creo que ten razón porque me parezo unha chea  
a el cando era noviño.

O de intelixente díó o

**MEU PROFE**, que por certo tamén se  
chama Pablo, porque resolvo problemas

**NUN CHISCAR DE OLLO.**

4

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

## PERO VOLVENDO AO DE SER POLICÍA.

Sei que o vou ter un pouco máis complicado que os demais nas probas físicas.

Segundo teño entendido, son moi difíciles  
*(os policías son uns superatletas).*

Por iso teño un plan para chegar a conseguilo.  
Estudarei criminoloxía e convertireime en **Detective**.



Ademais penso que **A FORZA NON O É TODO.**

necesitarán da miña audacia  
e enxeño para atrapar aos malfeitores...

Xa o veño dicindo eu:

*"Nada coma seguir unha boa pista, para dar co carteirista"*

6

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

En iso de  
*descubrir pistas*  
 son un lince, eh?

Vós nunca vos  
 deixastes guiar  
 pola vosa

*intuición?*



Eu fágoo constantemente.  
 É o segredo do meu éxito:

*"Nunca me equivoco  
 confiando no meu instinto,  
 por iso son distinto"*

7

*(Vaia, estou pensando  
 que tamén debería facerme  
 poeta... imaxinádelo?  
 Un policía poeta. Que chulada!)*



8

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Creo que o da intuición o herdei  
da miña **NAI**. Ela si que é intuitiva. Sempre sabe  
antes que ninguén o que necesito  
sen mediar unha soa palabra.

**"INTUICIÓN E CORAZÓN:  
ESA É A MIÑA NAI EN ACCIÓN!"**



(Si, si, abofé que  
tamén son un poeta)



Na escola, os meus compañeiros  
**FERNANDO** e **Miguel**, que son os mellores amigos  
que un poida imaxinar, anímanme e dinme que, tras a  
miña asombrosa carreira como criminólogo,  
chegarei a ser *xefe da policía*.  
Daquela, crearei un corpo especial que estea  
formado por persoas de talla baixa como a miña.  
Están seguros de que seremos o reforzo perfecto para  
*"Departamento Nacional de Intelixencia"*.

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.



Fernando adoita  
**BOTARME UNHA MAN**  
 cando teño que cargar  
 con cousas pesadas.  
 Eu déixolle que me bote unha man,  
 a verdade, porque é forte coma  
 un buxo e encántalle  
 presumir de músculos.



Miguel e o **científico** da clase.  
 De maior, quere ser **arqueólogo**  
 e lévanos a Fernando e a min a facer  
 interesantes escavacións  
 no patio da escola.

Está seguro de que  
 atopará o fémur dun  
**IGUANODONTE**  
 debaixo da cancha  
 de baloncesto.

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Con eles, estou aprendendo  
unha morea de cousas.  
E así, aos poucos, estoume formando  
ata chegar a ser o mellor

**POLICÍA,**  
**INVESTIGADOR,**  
**DETECTIVE E**  
**COMISARIO,**  
**EXPERTO EN ARQUEOLOXÍA**  
**(E POETA)**

que xamais tivese a historia policial do noso país.

13



14

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.



15

Sei que cumprirei  
o meu soño e  
chegarei moi

LONXE!



Fin

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.